



Preguntas frecuentes sobre o novo Pacto de Contratación

I. Elaboración e publicación das novas listaxes

II. Xestión das listaxes

III. Baremos

I. Elaboración e publicación das novas listaxes:

¿Cándo se publicarán as novas listaxes?→

O novo Pacto prevé a xeración das listaxes a 31 de Outubro de 2011, data a partir da cal se procederá á publicación das mesmas.

¿Quén debe inscribirse nas listaxes?→

Todas as persoas interesadas en figurar nelas, tanto si xa constan inscritas nas listaxes anteriores como aquelas que queiran inscribirse por primeira vez.

¿Cándo se pode inscribir un/a?→

Cando sexa publicada a correspondente Resolución no DOG pola que se anunciará no momento oportuno a apertura do proceso de inscrición. A partir desta primeira inscrición nas listaxes, será aberta e permanente.

O SERGAS comunicou hai uns días que o prazo para aportar novos méritos ou inscribirse nelas comezará en setembro, pero que durante o mes de xuño porá na rede a súa plataforma para que o persoal poda ir mirando se os méritos que figuran nela son correctos.

¿Cómo será a inscrición nas novas listaxes?→

Será telemática e realizarase a través do FIDES, co nome de usuario e contrasinal. O persoal vinculado actualmente ao Servizo Galego de Saúde xa dispón de ditas claves; ao persoal de nova incorporación seranlle facilitadas, logo de rexistrarse no sistema.

¿Cándo te apuntas nas listaxes?→

Cando se publique a resolución pola que se anuncie a apertura do proceso de inscrición. Aqueles que figuren inscritos en virtude das listaxes anteriores, e desexen continuar no sistema de selección temporal, non terán que pagar taxas. Os novos aspirantes terán que pagar as taxas de acordo coa Lei.

¿Cándo podo actualizar os méritos?→

Os aspirantes que xa figuraban nas listaxes anteriores ou que estén vinculados co

SERGAS, poderán actualizar os méritos con anterioridade á inscrición e polo tanto cando sexa visible o expedient-e/FIDES. A actualización de méritos poderase realizar con anterioridade á inscrición.

Quero presentarme por primeira vez ás listaxes, ¿cómo teño que facer?—

Esperar a que se abra o prazo, inscribirse na páxina web previa autorización pola que se lle dará un usuario e contraseña. Aportará no seu caso a documentación acreditativa de méritos e requisitos que non figuren no expediente-e/FIDES e esperará a validación do expediente.

Xa figuro como aspirante nas listaxes anteriores, ¿cómo teño que facer para inscribirme e actualizar os méritos?—

Publicarase a data de inicio do funcionamento do expedient-e/FIDES do profesional onde estará dispoñible a información do currículo e a posibilidade de validación e actualización. Posteriormente publicarase a data coa posibilidade de inscrición. O persoal que figura inscrito con base no pacto anterior, terá que volver a formalizar a inscrición de acordo cos novos procedementos.

A partir da posta en marcha e inicio do novo proceso, este será aberto e permanente

II. Xestión das listaxes:

¿Cal é a entrada en vigor da desaparición do descanso obrigatorio?—

Cando se publiquen as novas listaxes. De conformidade co novo pacto, prevese a xeración das novas listaxes a 31 outubro 2011.

Mentres non sexan publicadas as novas, seguirá vixente o descanso obrigatorio do Pacto anterior.

¿Cándo se chama cos novos criterios das listaxes de curta duración?—

Cando sexan publicadas as novas listaxes.

¿O persoal de listaxes de curta duración cubrirá vacacións?—

Sempre que pola súa orde na listaxe xeral lle corresponda a cobertura de vinculación de duración igual ou superior a tres meses, pola causa que sexa.

¿Cal é o nº máximo de días para contratos de curta duración?—

Para nomeamentos de duración non superior a 4 días cun máximo de 12 días ao mes.

¿Cómo se pode realizar o cambio de área por conciliación laboral e familiar?—

Será previa solicitude da persoa interesada, acreditando as circunstancias. O/a aspirante poderá cambiar a área á que inicialmente se inscribiu, que será obxecto de resolución administrativa individual.

¿Cómo é a penalización por renuncia a contratos de tempo parcial?—

Se a persoa optou voluntariamente por este tipo de prestación será penalizado polo réxime xeral. O persoal aspirante chamado por indispoñibilidade será penalizado tamén polo réxime xeral

III. Baremos:

¿Conta a OPE sempre que aprobes ?—

Conta coa puntuación obtida na fase de oposición, resultado da suma da puntuación dos exercicios, aprobados ou non, na última OPE convocada e resolta polo Servizo Galego de Saúde, na categoría á que se opta.

¿E se non me presenteí á última OPE?—

Nos méritos da fase de oposición figurarán 0 puntos. Se computarán os correspondentes aos outros méritos da fase de concurso que correspondan co baremo da categoría na que te inscribas.

¿Puntúa pertencer ás listaxes de curta duración?—

A puntuación será de 1,5 puntos por ano ata o máximo de 4,5 dentro do apartado de experiencia profesional da categoría correspondente

¿Qué puntuación lle corresponde ao tempo traballado e qué puntuación aos exercicios?—

A que lle asigne no baremo correspondente que será publicado. Formará o baremo os puntos e méritos do último concurso-oposición na categoría pola que se opta. Quén non teña participado, non terá puntuación por exercicios e terá, no seu caso, a correspondente a outros méritos que acredite.

¿Son compatibles as listaxes do 061 coas demais?—

Sí, coas categorías de diplomado sanitario que se detallan no Anexo I

¿Haberá áreas especiais?—

Sí, as previstas no apartado II.7 do Pacto

¿Caducan os cursos?—

Non, puntúanse de acordo co actual baremo de OPE

¿Cántos meses fan falta para acadar o máximo de experiencia?—

Varía en función de cada categoría según baremo OPE.

¿Cántas horas fan falta para o tope máximo de cursos?—

Varía en función de cada categoría según baremo OPE. Na maioría, con 267 horas.

Reunión sobre o novo Pacto de contratacións celebrada o 1 de xuño

Sobre o procedemento para o expedient-e, o que adiantaron resumindo o contido do documento é o seguinte:

* **A inscrición será para todo o mundo** despois do verán. Neste proceso de xuño só se vai poder consultar e incorporar méritos. Inda que en principio todo aquel persoal que teña acceso a FIDES podería modificar o seu expedient-e, farase a publicidade oportuna e un chamamento para que só revisen e incorporen méritos aquelas persoas que queiran inscribirse nas listas de contratación. O persoal fixo debería agardar a que pase este primeiro momento mentres non se publiquen as novas listas, para actualizar o seu expedient-e.

* **O persoal que nunca estivera inscrito en listas de contratación e queira inscribirse, e o persoal que inda estando inscrito en listas de contratación nunca**

traballara no SERGAS tamén vai poder acceder ao aplicativo agora en xuño (primeiramente informárasenos que esta xente tería que esperar a despois do verán). Terán que rexistrarse na web e obterán un usuario e un contrasinal co que accederán ao seu expedient-e e poderán introducir os seus méritos, para despois rexistrar a documentación acreditativa nos rexistros correspondentes. As persoas que xa dispoñan de acceso ao FIDES porque estean vinculadas ao SERGAS poderán acceder ao expedient-e a través do FIDES, e aquelas que nalgún momento estiveran vinculadas e agora non o están poderán acceder ao seu FIDES introducindo dous datos no aplicativo (contía da última nómina e data de cese).

Sobre a **proposta de baremos**, achegan os baremos de categorías que antes non existían ou de categorías que non tiveron OPE.

Suscítanse varias demandas de clarificación dos baremos actuais de OPE, que son os que se van aplicar no Pacto de Contratacións. Entre estas cuestións clarifícanse as seguintes:

- **Contratos redución de xornada.** Non van puntuar como xornada completa para a persoa que cubre a ausencia, só para a persoa que solicita a redución. Ás persoas que cubran contratos de redución de xornada computaráselles tamén outros servizos prestados se non superan o 100% da xornada ordinaria. Isto é, unha persoa que traballa un terzo de xornada no SERGAS e completa ata o 100% nunha privada, vánselle valorar todos os servizos prestados (mentres non superen o 100%).

No punto II.3.1.2 do Novo Pacto, hai xente que interpreta que a **puntuación adicional de Pool** só se lle manterá ás persoas que permaneceran no Pool na vixencia do pacto de 2004. Isto non é así, todas as persoas que tiveran consolidada puntuación de Pool (sexa do pacto do 2004, sexa anterior) manteráselles esa puntuación axustándoa aos 4,5 puntos actuais.